

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS (ASIME)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral de Industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación, (antiga Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación),

DECLARA:

Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación formalizou coa Asociación de industrias do metal e tecnoloxías asociadas (ASIME) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14 de marzo ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e Asime para o desenvolvemento das seguintes actividades:

1. Organización de encontros industriais pola cadea de valor da eólica mariña nas localidades da Coruña e Vigo.
2. Realización de workshops sobre o impulso da eólica mariña, en colaboración con empresas, promotores en Galicia e norte de España.
3. Desenvolvemento dunha plataforma dixital/web bilingüe para promocionar e impulsar a cadea de valor industrial da eólica mariña en Galicia, a través da descrición de capacidades, experiencia e breves vídeos individuais de presentación de empresas que mostren capacidade neste sector e os proxectos máis destacados.
4. Deseño e elaboración dun vídeo xeral de presentación bilingüe sobre a cadea de valor industrial da eólica mariña en Galicia.



5. Mapeo e elaboración dun catálogo bilingüe en formato dixital e papel, para a representación da cadea de valor industrial da eólica mariña en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Asime, constituída ao abeiro da Lei 19/77 del 1 de abril, reguladora do dereito de asociación, é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente, e que ten como obxectivos principais a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns dos seus membros a través de actuacións integrais de apoio ao asociado.

Que entre as actuacións integrais de apoio que realiza se encontra o impulso da construción de parques eólicos flotantes na costa galega, co obxectivo de desenvolver unha estratexia compartida que posicione a Galicia como un referente internacional, especialmente impulsadas a través do GOE-Asime (Galician Offshore Energy Group), da enerxía eólica offshore, tanto no desenvolvemento de proxectos de demostración e no impulso comercial desta alternativa eólica, como na consolidación dunha cadea de valor propia con proxección internacional.

Que dentro dos obxectivos de Asime, destacan os seguintes: desenvolvemento de accións de promoción, difusión e divulgación sobre a cadea de valor industrial da eólica offshore de Galicia, identificación de oportunidades, promoción da colaboración entre empresas, administracións públicas e outros interesados, apoio ao crecemento do mercado a través da promoción de políticas e regulacións favorables e mellora da competitividade a través de estratexias de investigación e desenvolvementos tecnolóxicos.

Que para a consecución dos obxectivos enunciados no punto anterior, as partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración que permitan executar as distintas accións encamiñadas ao cumprimento dos ditos obxectivos. Entre esas fórmulas de colaboración, ao quedar excluída pola natureza das entidades asinantes a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á



natureza estritamente convencional, considérase a máis axeitada a figura do convenio entre unha Administración Pública (a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación) e un suxeito de dereito privado (Asime), ao abeiro do artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de cento corenta e nove mil novecentos cincuenta euros (62.000€). Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023, nos que se dotará crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 05.02.732A.640.8.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

O secretario xeral de Industria,

Nicolás Vazquez Iglesias

